



*Grupo Municipal Popular
Santiago de Compostela*

PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á RENOVACIÓN DO SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS Á ZONA MONUMENTAL.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do próximo pleno ordinario, a seguinte Proposición:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


O control de accesos de vehículos á cidade histórica resulta fundamental para asegurar unha oportuna preservación e revitalización da mesma. O actual sistema de control con bolardos revélase, na maior parte dos casos, obsoleto: por unha banda, cada día resulta máis difícil atopar repostos e, por outra, de xeito recorrente faise necesaria a reparación das espiras e das lousas, reparación que implica un tempo de varias semanas de inactividade dos bolardos afectados, coa conseguinte ausencia de mecanismo de control. Igualmente, a obsolescencia do actual sistema supón un perda de oportunidade respecto da posibilidade de integrar no sistema de control fontes de información ou criterios de autorización de paso de vehículos.

En principio, entre as alternativas ao actual mecanismo pode destacarse o sistema de lectura de matrículas -incluso sen bolardos físicos-, opción que liberaría ao sistema de control das averías ata o de agora recorrentes e que permitiría acadar datos que hoxe non é posible obter de xeito sinxelo e sistemático, datos indispensables como o do número de vehículos que acceden, o tempo de presenza na zona monumental, o percorrido que fan, e que, ao tempo, facilitaría que no proceso de outorgamento de autorizacións de paso se conciliase mellor o dereito de acceso coa necesaria preservación dos valores da cidade histórica.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte proposta de Acordo:

O goberno local, polos seus propios medios, ou coa colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago, previo informe técnico dos correspondentes servizos, e nomeadamente previo informe da Policía Local, procederá a implantar un novo e máis amplo sistema de control de accesos que resulte sostible e que permita a obtención dunha maior información así como unha mellor xestión dos accesos.

Santiago a 21 de outubro de 2015.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular